

# Lugares de Interese Comunitario na Provincia da Coruña

## ÍNDICE

1.	Introducción	3
2.	Ortigueira-Mera	3
3.	Costa Ártabra	4
4.	Fragas do Eume	4
5.	Encoro de Abegondo-Cecebre	5
6.	Costa da Morte	5
7.	Complexo Húmido de Corrubedo	5
8.	Betanzos-Mandeo	6
9.	Carnota-Monte Pindo	6
10.	Costa de Dexo	6
11.	Estaca de Bares	7
12.	Esteiro do Tambre	7
13.	Monte e Lagoa de Louro	7
14.	Xubia-Castro	8
15.	Serra do Careón	8
16.	Río Anllóns	8
17.	Río Tambre	9
18.	Serra do Xistral	9
19.	Sistema Fluvial Ulla-Deza	9

## 1. Introducción

Os lugares de interese comunitario – emanados da Directiva Hábitat 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1.992, denominada comúnmente coma Directiva Hábitats – son espazos que contribúen ao mantemento e ao restablecemento do estado de conservación dos hábitats naturais, da fauna e da flora silvestre. Estes lugares son seleccionados polos Estados membros da Unión Europea e aprobados pola Comisión, unha vez incluídos na lista de “Lugares de interese Comunitario” pasan a formar parte da Rede Natura 2.000, e de este modo, nace a obriga xurídica de evitar o seu deterioro.

Na Provincia de Coruña contamos con dezaoito Lugares de Interese Comunitario e catro zonas ZEPA – Zonas de Especial Protección de Aves –.

## 2. Ortigueira-Mera

Engloba os concellos de Ortigueira, Cariño, Cerdido, As Pontes de García Rodríguez e as Somozas.

Por un lado, a ría de Ortigueira, inclúe boas representacións de pradeiras de zostera mariña e notables extensións de xuncos churreiros, ademáis dun sistema dunar en moi bo estado de conservación, alberga máis de cinco mil aves acuáticas invernantes e acolle unha importante relación de mazaricos, que con máis de cincocentos individuos sitúase coma a principal localidade de invernada do noroeste peninsular.



Doutro lado, o río Mera é un discreto curso fluvial con bosque de ribeira en moi bo estado de conservación, que conta coa presenza de salmón atlántico.

Ademáis, na ría de Ortigueira e Ladrado, no concello de Ortigueira e Cariño, atopamos unha zona ZEPA, que a súa vez, tamén é unha zona húmida Ramsar.

### 3. Costa Ártabra

Engloba os concellos de Cariño, Ortigueira, Cedeira, Valdoviño, Narón, Ferrol, Mugardos e Ares. Alberga unha gran diversidade de elementos paisaxísticos, que inclúe os seguintes enclaves: Serra da Capelada, que é un complexo xeolóxico de grande interese formado por rochas básicas e ultrabásicas con cantís costeiros, de ata 500 metros de desnivel; Lagoa e Areal de Valdoviño, no que aniñan mil aves acuáticas durante o periodo invernal e A Lagoa de Doniños, que caracterízase por ser a lagoa costeira máis profunda do litoral de Galicia. Ademáis a Costa de Ferrolterra-Valdoviño consta coma unha zona ZEPA.



### 4. Fragas do Eume

Inclúe os concellos de Cabanas, A Capela, As Pontes de García Rodríguez, Monfero e Pontedeume. Fraga significa bosque con árbores de diferentes especies, e esta fraga conta con carballos, castiñeiros, bidueiros, ameneiros, freixos, teixos, abeleiras, froiteiras silvestres, acibros, sobreiras e érbedos. Ademáis, é un dos bosques atlánticos de ribeira mellor conservados de Europa. Escondido



no corazón do bosque encóntrase o Mosteiro de Caaveiro, un antigo cenobio con máis de dez séculos de historia. Está declarado tamén coma un parque natural.

## 5. Encoro de Abegondo-Cecebre

Inclúe os concellos de Abegondo, Betanzos, Cambre e Carral. Este encoro regula o caudal dos ríos Mero e Barcés e permite garantir o abastecemento constante a cidade da Coruña e a súa área metropolitana. É un espazo protexido e altamente recomendable para gozar da



observación de patos, garzas, limícolas e mergullóns en outono e inverno. Na aldea de Cecebre pódense observar aves ligadas ao bosque de ribeira e ao propio río.

## 6. Costa da Morte

Inclúe os concellos de Arteixo, Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Cee, Fisterra, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Muxía, Ponteceso e Vimianzo. Ocupa o segmento noroeste do litoral galego, nela atoparemos praias desertas,



enseadas e cantís. Tamén ten unha zona ZEPA: as Illas Sisargas. Así coma unha paisaxe protexida: os Penedos de Pasarela e Traba. O ser humano considerou este lugar coma a fin do mundo, a porta ao máis alá.

## 7. Complexo Húmido de Corrubedo

Engloba o concello de Ribeira, incluída a Illa de Sálvora e a franxa litoral do concello de Porto do Son. Este espazo tamén é considerado un parque natural; unha zona húmida Ramsar e tamén, unha zona ZEPA.



A duna móbil deste espazo aberto entre a rías de Arousa e a de Muros-Noia resalta polas súas dimensións con máis dun kilómetro de lonxitude. A acompañan dúas lagoas: a lagoa doce de Vixán e a salobre de Carregal, con extensas brañas e zonas húmidas de importancia internacional.


## 8. Betanzos-Mandeo

Abrangue os concellos de Aranga, Bergondo, Betanzos, Coirós, Irixoa, Miño, Oza-Cesuras e Paderne. A marisma de Betanzos presenta unha notable superficie cuberta por vexetación de marismas, correspóndese co modelo xeral Cántabro-Atlántico meridional. O río Mandeo caracterízase polas súas comunidades ripícolas ben conservadas e por albergar salmón atlántico.



## 9. Carnota-Monte Pindo

Inclúe os concellos de Cee, Dumbría, Mazaricos e Carnota. E comprende a Praia de Carnota, as ciclópeas rochas de A Moa, a cima do Monte Pindo, o Olimpo Sagrado dos Celtas e o pequeno pobo do Ézaro, coa espectacular ferverza do río Saias.



No extremo norte, nas Marismas de Caldebarcos, poden verse aves acuáticas, corbos mariños, mascatos, gabbitas, mazaricos, garzas, píldoras raiadas e tamén a escorregadizas londras.

## 10. Costa de Dexo

Sitúase exclusivamente no concello de Oleiros: ocupa un tramo costeiro comprendido entre os faros de Mera e o porto de Lorbe. É unha costa exposta e



acantilado, caracterizada pola súa elevada calidade paisaxística. Tamén é unha zona de nidificación de aves marinas e rupícolas.

## 11. Estaca de Bares

Comprende os concellos de Ortigueira e Mañón. É o punto máis septentrional da península ibérica e ademais, divisoria xeográfica entre o océano atlántico e o mar cantábrico. É un dos mellores puntos de observación de aves de Europa e conta cunha estación ornitolóxica permanente. Miles de aves pasan por aquí cada ano, en especial de setembro a decembro.



## 12. Esteiro do Tambre

Abrangue os concellos de Brión, Negreira, Noia, Outes e Porto do Son, comprende o curso baixo e a desembocadura do río Tambre na ría de Muros e Noia. Nel albérganse densos bosques atlánticos, arenais e extensos carrizais nun entorno de gran beleza. Tamén consta de especies de gran importancia comunitaria como son o salmón, a nutria e a escribenta das canaveiras.



## 13. Monte e Lagoa de Louro

Engloba os concellos de Carnota e Muros. Cunha altura de 241 metros o Monte Louro sitúase na punta norte da entrada a ría de Muros-Noia. Ao pé do monte, encerrada pola Praia de Área Maior, encóntrase a lagoa das Xarfas, un complexo ecosistema dunar de gran riqueza botánica e faunística. Neste espazo reinan as garzas, que veñen atraídas pola abundancia de anfibios e réptiles.



### 13. Xubia-Castro

Inclúe os concellos de A Capela, Moeche, Narón, Neda, San Sadurniño, As Somozas e As Pontes de García Rodríguez. É un sistema fluvial composto polo río Xubia e Castro, que desemboca na ría de Ferrol, ambos manteñen a súa vexetación

ribeirana en bo estado de conservación. Na parte montañosa, na Serra do Forgoso, localízanse grandes extensións de matorral.




### 14. Serra do Careón

Engloba os concellos de Melide, Santiso e Toques. É un sistema montañosa caracterizado por pretentares cúmicos aplanados de baixa altitude e pendentes suaves coma resultado da súa antigüidade. Cabe destacala presenza de rochas ultrabásicas, que confiren á vexetación un valor especial pola existencia de especies autóctonas.



### 15. Río Anllóns

O río Anllóns nace na Serra de Montemaior, cruza o concello de Carballo e morre a veira do mar, entre Ponteceso e Cabana de Bergantiños. Un dos puntos máis atractivos do percorrido é o bosque do Anllón, onde a típica vexetación da ribeira – ameneiros, salgueiros ou freixos – mestúrase cos carballos. Ademais, as augas do río divídense no concello de Coristanco en varios ramais conformando pequenos illotes unidos por pontes.





## 16. Río Tambre

Inclúe os concellos de Tordoia, Ordes, Mesía, Trazo, Oroso, Frades, Santiago de Compostela e O Pino. É un sistema fluvial composto pola conca alta do río Tambre, onde atópanse boas representacións de árbores da ribeira. No seu percorrido encóntranse dúas pontes de singular beleza: a Ponte Maceira, preto de Negreira, entre os concellos de Negreira e Ames e Ponte Nafonso, entre os concellos de Outes e Noia, no estuario do río.



## 17. Serra do Xistral


O único concello coruñés que abarca é o de As Pontes de García Rodríguez, o resto engloba concellos lucenses. É parte do macizo montañosa da península ibérica que separa a terra chá do mar. Ao ser unha zona montañosa tan dura e inhóspita, as aves non logran sobrevivir, aínda así, atópanse buitres leonardos e algún buitre negro. É a zona de España que menos sol recibe e



a frecuente néboa procedente do mar deixa abundante choiva e humidade que empapa as súas extensas turbeiras de pastos, nas que habitan cabalos salvaxes e onden prosperan especies endémicas.

## 18. Sistema Fluvial Ulla-Deza

Inclúe os concellos de Ames, Boqueixón, Brión, Dodro, Oroso, Padrón, Rois, Santiago de Compostela, Teo, Touro, Trazo e Vedra. O río Ulla é a terceira corrente galega máis larga



despóis do Miño e do Sil. Nace nos Montes de Olveda e desemboca no Océano Atlántico a través da Ría de Arousa. No seu percorrido recibe as augas de afluentes coma o Sar e o Deza. A paisaxe dos seus cauces, especialmente no Deza, é de bosque da ribeira con alisos, salgueiros e freixos. No que respecta á fauna, destaca a abundancia do salmón do atlántico, lamprea de mar, troita e mexillón de río.

Este informe é exclusivamente un documento de traballo interno do servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente. As consideracións nel reflectidas non se corresponden necesariamente coas propias da Deputación da Coruña.